

Instrucción I/2003 da Xerencia da Universidade referente ós criterios de actuación no proceso de eleccións sindicais do persoal da USC

Iniciado o proceso electoral procede, para xeral coñecemento, dicta-la seguinte instrucción:

1. Fixación do número e distribución das Mesas Electorais

Persoal Docente:

Mesas

Campus Compostela:

- N° 1 Facultade de Bioloxía/Facultade de Matemáticas
- N° 2 Facultade de Dereito/Facultade de CC Políticas e E U de Relacións Laborais
- N° 3 Facultade de Farmacia
- N° 4 Fac Filosofía/ Facultade de Psicoloxía/Facultade de CC Educación
- N° 5 Facultade de Física/EU de Óptica
- N° 6 Facultade de CC. Económicas/EU de Enfermería
- N° 7 Facultade de Filoloxía/Facultade CC Comunicación
- N° 8 Facultade de Medicina
- N° 9 Facultade Química
- N° 10 Facultade de Xeografía e Historia

Campus Lugo

- N° 1 Escola Politécnica Superior/Facultade de Veterinaria e Facultade de Humanidades
- N° 2 Facultade de Ciencias/Facultade de Administración e Dirección de Empresas
- N° 3 EU Maxisterio

Persoal PAS:

* Publicaranse o día 17

A Mesa Electoral Coordinadora terá a súa sede nas oficinas sindicais, sitas na Avda. das Ciencias s/n no Campus Sur de Santiago.

A constitución de cada Mesa farase formalmente mediante acta outorgada ó efecto.

Os cargos de Presidente, Vocal e Secretario das Mesas Electorais son irrenunciabes(Art.5.3 RD1844/1994).

2. Permisos

Tendo en conta que a participación nas Eleccións Sindicais constitúe o cumprimento dun deber de carácter público, concederanse os seguintes permisos:

1. Compoñentes das candidaturas. Durante a campaña electoral aplicarase un réxime de flexibilidade horaria có fin de que poidan asistir ás xuntanzas e actos electorais que se convoquen, previo aviso ós responsables das súas unidades de destino.
2. Compoñentes das mesas e representantes da Administración. Disfrutarán de permisos polo tempo necesario para asistir ás xuntanzas. Disporán así mesmo dun permiso retribuído de xornada completa no día da votación e unha redución de cinco horas na súa xornada de traballo do día inmediatamente posterior.
3. Interventores e Apoderados das candidaturas. Gozarán de permiso durante todo o día da votación e dunha redución de cinco horas de xornada na data inmediatamente posterior.
4. Electores. Terán dereito a dúas horas de licencia para a asistencia á votación.

3. Coordinadora Xeral

Foi nomeada como tal a Xerente Adxunta da Universidade, que con ámbito de actuación en toda a Universidade, será a encargada de harmonizar os criterios de actuación da Universidade neste proceso.

4. Representantes da Administración

A Xerencia nomeará un representante da Administración da Universidade na Mesa Coordinadora que asistirá as votacións e ó escrutinio e velará especialmente por que se cumpra a remisión dunha copia da acta global do escrutinio á Oficina Pública Autonómica e á Xerencia da Universidade, así como a súa publicación nos taboleiros de anuncios.

Por parte da Xerencia solicítase colaboración durante o proceso electoral en tódolos Centros da Universidade na publicación de censos, material, etc.

Para máis información <http://www.ti.usc.es/webxer/Elecciones/Elecciones.htm>

Santiago de Compostela,
10 de xaneiro de 2003
O XERENTE,
Asdo: José Vázquez Portomeñe